


## San Roque

### Sabías que?

- O alto da rúa das Rodas, en San Roque, foi un dos primeiros lugares da cidade onde se instalou un posto permanente de *guardias guía de circulación* por ser tramo de curvas perigosas e de moita circulación?
- Na rúa da Caramoniña, na casiña que hai no parque de Bonaval, tivo o seu obradoiro o escultor Francisco Asorey?
- Da Praza das Penas saían a principios do século XX os *automóviles Santiago-A Coruña* da empresa *La Regional*, propiedade de Antonio Sanjurjo Badía?
- Ademais de ser patrón da cidade, San Roque gozou de moita devoción por ser santo milagreiro; preto da capela celebrábanse verbenas e festas.
- A Liga Santiaguesa ProEstatuto promoveu en 1932 a instalación dunha emisora de radio en Santiago; ao ano seguinte, desde Bonaval, tivo lugar a primeira emisión de Galicia.



### Os comercios do barrio:

Garum  
Praciña das Peñas, 1

Hervor e fervor  
Praciña das Peñas, 2

Cafetería Galia  
Rúa da Costa Nova, 4

Impreco  
Rúa das Rodas, 1

A Cova da Meiga  
Rúa das Rodas, 7

Clínica dental A. Pereira  
Rúa das Rodas, 1-1º

Frutería Isabel  
Rúa das Rodas, 1 Baixo 2

Bar Fraggie Rock  
Rúa das Rodas, 17

Centro de Estudos Eureka  
Rúa das Rodas, 23

Calzados Castro  
Rúa das Rodas, 3

Peluquería G y G  
Rúa das Rodas, 5

Bodegón A Corredoira  
Rúa das Rodas, 33

Kiosko San Roque  
Rúa de San Roque, 11

The Science of English  
Rúa de San Roque, 11-1º

A Bodeguilla de S. Roque  
Rúa de San Roque, 13

Carnicería San Roque  
Rúa de San Roque, 19

Farmacia San Roque  
Rúa de San Roque, 21

Clínica veterinaria  
San Roque  
Rúa de San Roque, 24

Confitería San Roque  
Rúa de San Roque, 27

Perruquería Ermitas  
Rúa de San Roque, 3

Clínica dental San Roque  
Rúa de San Roque, 31

Urve Inmobiliaria  
Rúa de San Roque, 33

Café Bar O Campiño  
Rúa de San Roque, 37

Panadería Pan da Aboa  
Rúa de San Roque, 5

Café Belke  
Rúa de San Roque, 7

Entrepedras  
Rúa do Hospitaliño, 18

Inés Suárez, avogada  
Rúa do Hospitaliño, 2

Pediatra  
Jesús Suárez Camino  
Rúa do Hospitaliño, 2

Café Bar San Roque  
Rúa do Hospitaliño, 7

Deulpo, pulpeira  
Rúa do Hospitaliño, 7

Hospedaxe San Roque  
Rúa do Hospitaliño, 7-2º

Hotel Fonte de San Roque  
Rúa do Hospitaliño, 8

Eco Escola de Arte  
Rúa dos Loureiros, 1-1º

Cachán Clube  
Rúa dos Loureiros, 16

Avogado Javier Vieites  
Rúa dos Loureiros, 31

Hotel Moure  
Rúa dos Loureiros, 6

Hotel Altair  
Rúa dos Loureiros, 12

Bar O Peto  
Rúa dos Xasmíns, 13

Luis Moreira Matos  
Inxeniero Técnico Agrícola  
Rúa dos Xasmíns, 1-1


La Casa de la Marquesa  
Costa San Domingos, 2



- A exploración será en equipos; podes traer a túa cuadrilla ou formar grupo con outros participantes. Terás que ser maior de 16 anos ou vir acompañado/a por un adulto/a.
- O equipo gañador recibirá unha cesta agasallo de produtos dos establecementos do barrio. Aqueles que rematan a busca e atopan o "tesouro", recibirán un vale gastronómico.
- O número máximo de participantes é de 30, así que non te demores! máis información: [comercio@santiagodecompostela.org](mailto:comercio@santiagodecompostela.org)



"Unha maneira de facer Europa"



Urbana  
Santiago  
Norte



CONCELLO DE  
SANTIAGO  
Concellaría de Comercio



San Roque



(re)  
**VIVE  
O  
BARRIO**

**San Roque**



### O Barrio de San Roque

*O Hospital de San Roque é o fito máis visible deste barrio que se conformou a partir dos camiños que rodeaban e partían da cidade a través das portas abertas na muralla. Co tempo, os arrabaldes uníronse para debuxar rúas e os xardíns e hortas deixaron paso á cidade en crecemento. Malia a súa antigüidade, boa parte do que agora podemos ver desenvolveuse entre 1850 e 1940, cando zonas como a rúa dos Loureiros ou San Roque emerxeron como pequenos ensanches, con casas máis amplas e modernas que as do centro monumental. Convivían coas casiñas modestas ás que foron substituíndo e a veciñanza de empregados e artesáns foi deixando paso aos comerciantes e profesionais. Hoxe alternan as zonas residenciais e comerciais sen perder o seu carácter monumental nin a súa personalidade propia.*

#### 1 Rúa das Rodas

De maneira radial e concéntrica, a cidade estaba rodeada de camiños e dos rúes dos arrabaldes. Na contorna inmediata da muralla desenvolvíanse, ademais, certas actividades que, ou ben resultaban perigosas ou molestas para a poboación, ou ben requirían espazos despexados. O Campo —logo rúa— das Rodas toma o seu nome das rodas —bobinas de todo tamaño— nas que se elaboraban e vendían as cordas de esparto ou cáñamo.

#### 2 A muralla

A cidade de Santiago estivo rodeada dunha muralla construída nos tempos medievais. Tratábase dunha construción poderosa, con 5 metros de altura pola parte interior e, cando menos, outros tantos por fóra. Estaba coroada por un camiño de rolda, ameas e, a intervalos regulares, portas e torres, e protexida por un foxo alimentado por mananciais próximos. Pasados os tempos das guerras, a cerca entrou nunha lenta decadencia e, xa no s. XVI, había tramos derrubados. No s. XIX deixou de ser un fito na paisaxe urbana, pois algúns tramos xa estaban caídos e outros foran incorporados ás vivendas. Hoxe, as rúas Virxe da Cerca e Rodas deixan albiscar o seu percorrido e un circuíto de sinais vermellos no chan marca a liña da contorna alí onde antes había portas ou muros.

#### 3 Porta da Algalia

Era en realidade unha porta menor (postigo) que foi construída na Baixa Idade Media. Estaba unida ao camiño principal que viña da Coruña por unha calzada empedrada —aínda conservada— que quedou soterrada pola construción do hospital de San Roque.

#### 4 Porta da Atalaia, de San Roque ou de Santa Clara

Esta porta da muralla chamouse durante moito tempo Porta da Pena e logo recibiu varias denominacións. A pegada da antiga cerca case desapareceu tamén aquí, aínda que no edificio número 1 desta praza podemos albiscar formas que poden relacionarse cunha das vellas torres como son —na parede que dá á rúa de Entremuros— os muros lixeiramente inclinados en talude e as pequenas fiestras, pensados para a defensa interior do recinto urbano.

#### 5 Capela de San Roque

Noutros tempos nos que as condicións de vida e os remedios médicos eran ben precarios eran comúns os andazos que decimaban a poboación. Ante eles só cabía tomar unhas poucas medidas hixiénicas e confiar nas pregarías aos santos protectores. Por esta razón, en 1517 e tras 8 meses de peste constante na cidade e en Galicia, o concello promoveu a construción dunha ermida na honra de San Roque e fixo voto de devoción a este santo peregrino e milagreiro. Desde entón, cada ano, a corporación municipal renova a ofrenda ao santo cun oficio relixioso na capela. Esta foi remodelada varias veces pero conserva un grandioso retablo deseñado por Simón Rodríguez (s. XVIII).

#### 6 Hospital de San Roque

Outro andazo, no mesmo século, moveu o arcebispo Francisco Blanco a fundar (1578) na cidade un hospital para acoller a quen sufría doenzas infecciosas. O edificio conserva a fachada orixinal deseñada por Gaspar de Arce, presidida polos santos Cosme e Damián e as armas do prelado. O interior foi reformado en tempos posteriores. Este artículase arredor dun patio sobrio e de aire clásico, e conserva as enormes salas diáfanas —case do tamaño dos laterais do edificio nos lados que dan ás Rodas e ao parque— destinadas noutro tempo aos doentes, típicas da arquitectura hospitalaria.

#### 7 Praza de San Roque

Preside a praza unha fonte monumental que poderíamos denominar viaxeira, por canto antes estivo na Alameda e na Praza de Mazarelos. Esta aliméntase de auga da traida antiga, que vén dos mananciais do Chan de Curros. Tanto esta praza como a adxacente rúa do Hospitaliño tiveron na primeira metade do século XX unha curiosa vocación docente, pois había, tanto no vello hospital de San Roque como en varias vivendas da rúa (e mesmo da Costa Nova), escolas para nenos e nenas e, mesmo, para adultos.

#### 8 Porta da Pena

Nos arredores desta porta houbo durante moito tempo un gran descampado no que se foron asentando negocios, como os fornos e os alpendres de ferreiros, que foran desprazados fóra das murallas por perigosos ou ruidosos. Por aquí tiña entrada cara á fonte de San Miguel a traida medieval de augas, sinalada nas proximidades por unha grande arqueta, hoxe desaparecida.

#### 9 Costa Vella

Percorría a cidade por fóra da muralla ata San Francisco e lindaba coa horta de San Martiño Pinarío. Nun principio, o valado da horta e o da cerca eran dous muros separados, pero, finalmente, a finca dos monxes acabou incorporando a antiga muralla. Así, a parede de pedra que hoxe vemos recupera o lugar e trazado da muralla antiga que nesta zona posuía 6 torres. A fonte que hai na parte inferior aliméntase dun dos mananciais que, noutro tempo, alimentaban o foxo que protexía a cidade.

#### 10 Biblioteca Anxel Casal

Inaugurado en 2007 e nomeado na honra do alcalde Ánxel Casal, este singular edificio de Andrés Perea é unha gran caixa de formigón e cristal na que os libros e a contorna dialogan. A certas horas, a fachada adquire aparencia singular ao reflectir, coma un espello, os edificios e a paisaxe da contorna.

#### 11 Costa Nova

Esta rúa nace nun dos vellos camiños que unían a cidade cos Pelamios, coa horta grande de San Martiño e as aldeas de Vite. Se cadra por estar lonxe das zonas máis poboadas, se cadra por pertencer algunhas das súas casas ao cabido catedralicio, case podería dicirse que esta foi rúa de artistas, pois aquí viviron, entre outros, Fernando de Casas e Novoa (o arquitecto da fachada do Obradoiro) e José Gambino (o máis senlleiro escultor da Galicia do s. XVIII).

#### 12 Rúa dos Loureiros

Nace do rúeiro de casas acomodadas ao antigo camiño que desde a Porta da Pena levaba ao Campo de Santa Clara, onde remataba. Nos planos do s. XVIII preséntase urbanizada, case coma hoxe, con casas que pertencían ao mosteiro de San Martiño Pinarío, ao cabido ou ao concello de Santiago —tal e como delatan as marcas de propiedade que aínda algunhas conservan—. Hoxe esta rúa ten un sabor singular e nela conviven vivendas de perfil antigo con outras que desprenden un certo aire a “belle époque”, coas súas ornamentacións florais nas fachadas ou formas rectas. A casa máis rechamante é, sen dúbida, a número 33, coa súa espectacular e fermosa galería.

#### 13 Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)

Deseñado polo arquitecto portugués Álvaro Siza, este edificio trae a arquitectura contemporánea ao centro histórico. Conforma unha singular praza, ao pechar e espellar a estrutura do antigo convento de San Domingos de Bonaval. O seu interior, de volumes limpos e intensa luz natural, amosa as tendencias máis actuais da arte galega e internacional.

#### 14 San Domingos de Bonaval

Este convento dominico foi fundado por San Domingos no século XIII. A igrexa conserva boa parte da traza gótica e os sarteiros medievais de persoeiros de liñaxes fidalgas compostelás. Nunha das capelas laterais acolle o Panteón de Galegos Ilustres, onde repousan Rosalía de Castro, Afonso D. Rodríguez Castelao, Domingo Fontán, Ramón Cabanillas, Alfredo Brañas e Francisco Asorey.

O edificio do antigo convento é hoxe o Museo do Pobo Galego, fundación volcada na protección, conservación e difusión da cultura tradicional galega. As súas salas expositivas amosan a mellor e máis interesante colección das tradicións e dos costumes do país. Cómpre non esquecer a imprescindible visita á escaleira de espiral tripla, deseñada por Domingo Antonio de Andrade, peza senlleira do barroco compostelán.



**EXPLORA  
OS BARRIOS  
DE  
URBANA  
NORTE**

**Gran Búsqueda  
do Tesouro!**

*Comercios  
dos barrios de  
SAN ROQUE  
ALMÁCIGA  
ESPÍRITO SANTO*

**22  
NOVEMBRO  
11:30 h**

*(rúa do Espírito Santo,  
praciña xunto ao 17)*

*poderás gañar  
unha cesta agasallo  
e vales gastronómicos*

*(bases ao dorso)*